
Resolución do 21 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas para a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010, e dítanse instrucións para a realización das probas correspondentes.

De conformidade co establecido no artigo 8º e na disposición derradeira segunda da Orde do 4 de

outubro de 2010, pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010 (DOG do 11 de outubro), esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Designar os membros do tribunal que deberá vulgar as probas para a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Fixar a data, o horario, os lugares de realización das probas e condicións de presentación dos candidatos ou candidatas.

1. As probas terán lugar o día 30 de novembro 2010 de acordo co seguinte horario:

9.15 horas, presentación dos candidatos ou candidatas.

10.00 a 12.00 horas, primeira parte da proba.

12.30 a 14.30 horas, segunda parte da proba.

2. Centros nos que se realizarán as probas.

Provincia da Coruña:

-IES Elviña. Polígono de Elviña, 2ª fase, s/n, A Coruña.

Provincia de Lugo:

-IES Sanxillao. Avda. Fontiñas, nº 171, Lugo.

Provincia de Ourense:

-IES Ramón Otero Pedrayo. Rúa Padre Feijoo, nº 12, Ourense.

Provincia de Pontevedra:

-IES Sánchez Cantón. Avda. Raíña Victoria, Pontevedra.

3. Presentación dos candidatos ou candidatas.

a) Os/as candidatos/as deberán realizar as probas na provincia a que pertenza o centro educativo no que se atope o seu expediente académico.

b) Para a realización das probas os candidatos ou candidatas acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2010.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO
Tribunal

Presidenta: Carmen Cimadevila Cea, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo por delegación do director xeral de

Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Vogais:

-Marina Armada Vigo, xefa do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-Berta Estrada Arias, inspectora de Educación.

-Jaime Santoalla Varela, inspector de Educación.

-Samuel Lago Fernández, inspector de Educación.

-José Ramón Pereiró Rodríguez, inspector de Educación.

Secretario: Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.